

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, BASES

DECRETO NÚMERO 16005647 DO 18/07/2016

Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Instruído o expediente relativo a: **PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA “III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019. (EXPTE. REF. 28-2016). APROBACIÓN DAS BASES E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN**

Examinado o expediente e vistos:

1º.- Informe-proposta do Servizo de Contratación, de data do 28 de xuño de 2016, obrante no expediente, na parte expositiva da cal se fai consta-lo seguinte:

“ANTECEDENTES

I.. Bases técnicas e administrativas, de data 14 de xuño de 2016, que reixerán no procedemento de licitación convocado para a autorización de instalación de postos de venda na III Feira de Artesanía e Gastronomía do San Froilán para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019, elaboradas pola Sección de Cultura do Concello de Lugo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Calquera outra disposición que sexa de aplicación as Entidades Locais.

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACION, BASES

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O Concello de Lugo, no marco das festas patronais do San Froilán desexa autorizar a instalación de postos de venda na III Feira de Artesanía e Gastronomía do San Froilán – GASTROARTE para o período 2016-2019.

Ó tratarse dun uso común especial pola intensidade deste que se realiza, e tal e como establece o RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), estará suxeito a licenza.

O artigo 77.2 do mesmo regulamento establece que estas licenzas se outorgarán directamente, salvo se por calquera circunstancia se limitase o uso das mesmas, en cuxo caso o serán por licitación e, se non fose posible, porque tódolos autorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo.

No suposto de referencia, o número de postos está limitado a trinta e dous, nos lugares delimitados para elo na rúa Puro Cora da cidade de Lugo.

Segunda. En canto ao órgano competente para a aprobación do procedemento de licitación para a concesión das autorizacións, o artigo 127 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a concesión de calquera tipo de licenzas, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano e sen prexuízo das delegacións que esta confira. Non obstante, este órgano adoptou o acordo número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016.”

2º.-Decreto número 16005603 do Libro Único asinado o día 14/07/2016 polo que se fixa para o ano 2016 o prezo público pola ocupación de stand na feria de artesanía e gastronomía de San Froilán 2016

3º.-Informe do servizo de Intervención refl 276/2016 de data do 15/07/2016, correspondente á fiscalización das Bases

No uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprogado polo Real Decreto Lexistativo 3/2011 de 14 de novembro, e en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local número 20/415 en sesión celebrada o día 22 de xuño de 2016, polo que se aprobou a delegación da competencia na Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, BASES

para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación así como de autorización para a utilización do dominio público, relativos ás festas do San Froilán 2016, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases técnicas e administrativas que reixerán no procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de venda na III Feira de Artesanía e Gastronomía do San Froilán para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019, do seguinte teor literal:

“PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

1.- O obxecto das presentes bases é o outorgamento de autorizacións para a instalación dos 32 postos de venda durante as festas de San Froilán para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019, que levarán aparellada a autorización para esta instalación nos lugares habilitados para elo polo Concello de Lugo.

2.- Esta feira celebrarase durante as festas do San Froilán nas datas que se aproben polo Concello de Lugo en cada edición. No ano 2016 será do 30 de setembro ao 12 de outubro na rúa Puro Cora.

3.- Establécense dúas categorías:

a) **ARTESANÍA:** para postos destinados á venda de produtos elaborados de forma artesanal conseguindo un produto final individualizado e diferenciado da produción industrial. Admitíranse as distintas actividades recoñecidas como artesanía na normativa vixente. Queda, polo tanto, excluída a revenda, produtos industriais, souvenirs e bagatelas. Poden participar artesáns e obradoiros de artesanía.

b) **GASTRONOMÍA:** son postos para produtos de calidade diferenciada (recoñecidos como Indicación Xeográfica Protexida ou Denominación de Orixe Protexida) ou que posúan certificacións de agricultura ou produción ecolóxica. Todos deben ter rexistro sanitario. Poden participar tendas especializadas, produtores e consellos reguladores.

4.- Dispoñerase de 32 expositores montados en stands individuais, cunha dimensión de 3x2x2,90 metros que contan con persiana de seguridade enteira, cornixa decorativa e avance frontal dun metro para crear zona de resguardo diante do expositor. Cada stand conta con subministración eléctrica e consumo de ata 1.100 vatios.

Cada stand irá identificado co nome proposto polo adxudicatario e na entrada da feira haberá un plano coa distribución e os nomes dos stands.

SEGUNDA.- DURACIÓN, MODALIDADE E PREZO

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACION, BASES

1.- As autorizacións para a instalación dos postos terán unha duración de catro anos, isto é, para as festas de San Froilán dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019 se ben as datas de montaxe e desmontaxe dos postos, así como o tempo de funcionamento serán fixados polo Concello.

2.- A montaxe dos postos para o ano 2016 realizarase o día 29 de setembro dende as 10 horas ata as 22 horas para comezar a actividade o día 30 de setembro e manterse en funcionamento ata o día 12 de outubro, podendo a Comisión de Festas ampliar estas datas. Os adxudicatarios, correctamente identificados, recibirán a chave da caseta adxudicada por parte do persoal da Concellería de Cultura o día da montaxe en horario de 10 a 14 horas na caseta do Comisario do Feiral.

O día de desmontaxe será o 13 de outubro desde as 9 ata as 16 horas.

Ningún posto poderá montar e recoller fóra das datas e das horas establecidas.

Para os anos 2017, 2018 e 2019 estas datas fixaranse oportunamente para cada anualidade por parte da Comisión de festas do Concello de Lugo.

3.- O prezo que os titulares das autorizacións para a ocupación do stand aboan constitúe unha contraprestación económica que ten a natureza de canon e a finalidade de compensar ó Concello de Lugo polo aproveitamento especial do dominio público por parte dos beneficiarios, sen prexuízo da taxa pola ocupación do dominio público que deban aboar conforme as Ordenanzas vixentes. Así, os importes inherentes á adxudicación dos postos na feira son:

- a) Prezo público de uso de stand507,08 euros
- b) Taxa por ocupación de vía pública (Ordenanza Fiscal núm. 152)97,55 euros
- c) Fianza100 euros

Importe TOTAL-----704,63 euros

Estes importes revisaránse cada ano para ser actualizados conforme ao prezo de mercado e ás taxas municipais vixentes.

TERCEIRA.- PROCEDIMIENTO E FORMA DE LICITACIÓN. REQUISITOS

As licenzas outorgaranse despois da licitación, que será convocada polo órgano competente do Concello conforme ao disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais mediante un **procedemento aberto** de licitación, segundo o establecido nos artigos 157 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Están facultados para tomar parte no procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e estean dados de alta e ó corrente no pagamento no I.A.E no epígrafe

correspondente ou se comprometan a darse de alta con anterioridade á celebración da festa.

Así mesmo os licitadores deberán atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. O Concello comprobará de oficio que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo e coa AEAT a cuxo efecto deberán autorizar a este Concello para acceder a estes datos, caso contrario deberá acreditar o cumprimento deste requisito coa correspondente certificación. Poderán presentarse a este procedemento cooperativas e socios cooperativos individualmente se ben neste caso o cumprimento de tódolos requisitos, en particular a alta no IAE e os seguros de responsabilidade civil deberán referirse ao solicitante.

Para os postos de gastronomía, requírese que sexan produtos acollidos a certificacións de calidade diferenciada como Denominacións de Orixe Protexida ou Indicación Xeográfica protexida, e recoñecidos con certificacións de agricultura ou produción ecolóxica e rexistro sanitario.

CUARTA.- INDEMNIZACIÓN POR DANOS NO DOMINIO PÚBLICO. IMPOSICIÓN DE SANCIONES

Cando o aproveitamento especial levase consigo a destrución ou estrago do dominio público o beneficiario estará obrigado a reparar os danos ocasionados a súa costa e ademais poderanse impoñer as sancións establecidas no Título XI da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local.

Se os danos fosen irreparables o beneficiario indemnizará ó Concello de Lugo na contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado e quedará imposibilitado para participar nos procedementos para autorización da instalación de postos nas vindeiras edicións da Feira de Artesanía e Gastronomía nos cinco anos seguintes.

QUINTA.- ANUNCIO DE LICITACIÓN. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.gal).

O prazo de presentación da documentación será de **TRINTA días hábiles** (Art. 96 L33/2003 Patrimonio) contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (Rolda Muralla 197 27002 Lugo), en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo postal. No

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, BASES

suposto que o último día de presentación das proposicións coincidira en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo postal, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío en Correos e comunicarlle ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día da remisión da oferta (fax. 982 29 72 59).

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os interesados en participar **presentarán unha instancia ou escrito** conforme ao modelo do ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS" onde se indican os seus datos persoais e o procedemento ao que concorre **acompañada de DOUS SOBRES PECHADOS**, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento (LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA NO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018 e 2019. EXPTE REF. 28-2016), así como o nome e o NIF do interesado.

Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B, OFERTA TÉCNICA.

No caso de que algunha das instancias e dos sobres presentados non conteñan os datos indicados nesta cláusula que permitan identificar correctamente ao licitador, poderá ser rexeitada pola comisión de avaliación.

Dentro do SOBRE A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA incluírase a seguinte documentación:

- 1.- ANEXO I .- Solicitud conforme o modelo debidamente cumprimentado.
- 2.- ANEXO II .- Declaración responsable conforme o modelo de que o licitador se atopa ó corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), co Concello de Lugo e coa Seguridade Social e de cumprir durante o San Froilán as disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo e levar a cabo as medidas de prevención de riscos laborais.
Poderá achegarse no momento da presentación da solicitude os certificados correspondentes acreditativos do cumprimento destes requisitos, tendo que estar vixentes, en todo caso, no prazo de presentación de ofertas e durante a celebración das festas.

No caso de que o interesado autorice o acceso por parte do Concello ós datos persoais referentes ó cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria non será preciso achegar dito certificado xa que se comprobará de oficio. A comprobación do cumprimento de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo realizarase de oficio polo Concello. A adxudicación quedará condicionada á comprobación do cumprimento destes requisitos a cuxo efecto o Concello de Lugo verificará estas circunstancias.

Xunto cos anteditos anexos deberá achegarse así mesmo dentro do SOBRE A a seguinte documentación:

1. - **DNI do licitador**, se se trata de empresario individual, ou **escritura de constitución** se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

2. - Presentación da **alta no epígrafe correspondente do I.A.E.** e, se é o caso, copia do pagamento do último recibo do dito imposto.

Dada a especial natureza da actividade admitirase a aqueles licitadores que no momento da solicitude non estiveran dados de alta por tratarse dunha actividade estacional en cuxo caso deberán achegar unha declaración responsable comprometéndose a estar dado de alta nas datas da festa (conforme o modelo do ANEXO II)

A adxudicación do posto quedará condicionada á presentación da alta no IAE, que deberá ser presentada **cunha antelación mínima de 5 días antes do día de inicio da festa.**

3. - **Seguro de responsabilidade civil** Copia da póliza de responsabilidade civil xeral con inclusión da responsabilidade civil patronal, que cubra os riscos que puidesen producirse para a actividade obxecto do contrato tanto para traballadores como para usuarios, por un valor mínimo de 600.000 euros por sinistro, sendo o sublímite por vítima de 200.000 euros que incluírá cobertura de produtos.

Dentro do SOBRE B OFERTA TÉCNICA incluírase a seguinte documentación:

Incluírase a documentación que acredite os criterios de valoración recollidos na base oitava, xunto co modelo do ANEXO III.

A presentación de documentación en sobres abertos ou a presentación dentro do sobre A de documentación que deba ir dentro do sobre B implicará a exclusión do procedemento por supoñer unha vulneración dos principios de igualdade de trato e non discriminación.

SÉTIMA.- PERÍODO DE VIXENCIA DAS ADXUDICACIÓNS E PAGO DAS TAXAS E O CANON ESTABLECIDO

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACION, BASES

1.- A licenza terá **vixencia durante as festas do San Froilán dos anos 2016-2017-2018-2109.**

2.- O pagamento do prezo público, a taxa e unha fianza de 100 euros correspondente ás festas de San Froilán 2016 realizarase na entidade colaboradora de recadación (ABANCA ES59 2080 0101 5631 1000 0947; BBVA ES02 0182 6219 5602 0027 0328; CAIXABANK ES08 2100 5850 0702 0001 4045) previa entrega ao adxudicatario do documento de pago (carta de pago) validado por este Excmo. Concello.

O prazo establecido para a acreditación do pagamento será o 20 de setembro de 2016. Dita acreditación xustificarse mediante entrega da carta de pago sellada pola entidade bancaria por parte dos adxudicatarios na sección de Cultura do Concello.

As taxas correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019 serán as que procedan conforme as ordenanzas fiscais vixentes respecto das adxudicacións concedidas e ingresaranse con anterioridade ao 20 de setembro do ano correspondente. No mes de maio de cada ano notificaráselle ao adxudicatario/a o importe da taxa correspondente requirindo ao mesmo tempo a documentación correspondente. Cando o importe das taxas relativas aos anos 2017, 2018 e 2019 sufran unha modificación por riba do 1 %, os adxudicatarios poderán renunciar a autorización concedida do dominio público sen que esta circunstancia implique a incautación da garantía.

3.- De non aboarse as taxas, o prezo e a fianza nos prazos establecidos quedará extinguida e sen efecto a autorización e o stand quedará a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento establecido segundo a orde que resulte da proposta de adxudicación.

OITAVA.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A) Para os POSTOS DE ARTESANÍA (MÁX. 85 PUNTOS)

1.- A calidade e as características dos produtos presentados (ata 60 puntos)

- Calidade técnica (máx. 25 puntos)

- Proceso de elaboración das pezas/productos (desde a materia prima ao produto final)
- Complexidade do proceso
- Calidade das materias primas.

- Calidade estética (máx. 25 puntos)

- Creatividade e orixinalidade
- Calidade e deseño final

- Mantemento das técnicas tradicionais dun oficio (máx. 10 puntos)

- Recuperación dun oficio
- Investigación das técnicas tradicionais

2.- Memoria de deseño e de dinamización do stand (máx. 10 puntos)

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, BASES

- Proposta de decoración do stand
 - Proposta de actividades de dinamización do stand (demostración do traballo en vivo, mostra de instrumental, etc.)
- 3.- Posesión de carta de artesán emitida pola administración correspondente (3 puntos)
- 4- Recoñecemento á excelencia como premios, selos de calidade, etc. (1 punto por cada un ata un máximo de 6 puntos)
- 5.-Participación en feiras e certames de artesanía (máx. 4 puntos)
- Listaxe de feiras e fotografía de postos montados (0,20 puntos por feira ata un máximo de 2 puntos)
 - Listaxe de certames ou concursos de artesanía (0,20 puntos por certame ata un máximo de 2 puntos)
- 6.- Orixe galega do produto (2 puntos)

B) Para os POSTOS DE GASTRONOMÍA (máx. 80 puntos)

1.- A calidade e as características dos produtos presentados (ata 60 puntos)

- Calidade técnica (máx. 30 puntos)

- Proceso de elaboración dos produtos (desde a materia prima ao produto final)
- Complexidade do proceso; elaboración con métodos tradicionais; recuperación de receitas; etc.;
- Calidade das materias primas e valores engadidos como orixe da materia prima (quilómetro cero ou proximidade; pequenas producións; contribución ao mercado local e a sostenibilidade do medio, etc.)

- Calidade estética (máx. 30 puntos)

- Creatividade e orixinalidade
- Calidade e deseño final

2.- Memoria de deseño e de dinamización do stand (máx. 10 puntos)

- Proposta de decoración do stand
- Proposta de actividades de dinamización do stand (degustacións, presentacións de produtos, charlas, etc.)

3- Recoñecemento á excelencia como premios, selos de calidade, etc. (1 punto por cada un ata un máximo de 6 puntos)

4.- Participación en feiras (máx. 2 puntos)

- Listaxe de feiras e fotografía de postos montados (0,20 puntos por feira ata un máximo de 2 puntos)

5.- Orixe galega do produto (2 puntos)

A Administración, unha vez valoradas as solicitudes, distribuirá os postos da feira.

No caso de empate, terá preferencia o licitador que teña mais puntuación no punto 1 (referente a calidade e características dos produtos presentados), tanto nos postos de artesanía como de gastronomía.

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACION, BASES

O acto de apertura das proposicións dos interesados celebrárase ó primeiro día hábil posterior ó remate do prazo de presentación agás nos casos de documentación presentada por correo que non se recepcione en prazo. A comisión avaliadora cualificará a documentación presentada no sobre A podendo conceder un prazo de tres días hábiles para a subsanación de erros.

A Comisión avaliará as ofertas presentadas e realizará unha proposta de adxudicación ó órgano competente do Concello elaborando a lista de solicitudes por orde de puntuación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ao sinalado así como nos casos de celebración pola Comisión Avaliadora de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

A Comisión avaliadora quedará constituída polas seguintes persoas:

- Un traballador/a do Servizo de Contratación
- Dous traballadores/as da Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua
- O Comisario do Feiral

Se trala selección pola Comisión quedasen postos sen cubrir, esta invitará aos interesados que presentaron oferta pero non foron seleccionados por calquera circunstancia ós efectos de que, si o estiman oportuno, presenten no prazo máximo de tres días hábiles dende a invitación nova oferta para algún dos postos que quedaron vacantes.

O órgano municipal competente, á vista da proposta da Comisión Avaliadora, resolverá o procedemento. Este acordo ou resolución notificarase ós interesados e publicarase no perfil do contratante.

A adxudicación quedará condicionada, se é o caso, á presentación da correspondente alta no IAE así como á acreditación do cumprimento de tódolos requisitos esixidos, en particular o cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e a acreditación do pagamento de taxas, prezos e fianza segundo o establecido na cláusula sétima.

DÉCIMA.- DEREITOS E OBRIGAS

Dereitos:

- Os adxudicatarios terán dereito á utilización do dominio público exclusivamente para o exercicio da actividade de postos de venda solicitado, de acordo co establecido nestas bases.

- O Concello de Lugo proporcionará puntos de auga e luz suficientes para que os adxudicatarios desenvolvan a súa actividade.

Obrigas:

- Os autorizados deberán instalar o posto de venda no stand adxudicado, quedando prohibido calquera traspaso ou cesión do dereito.
- Deberán retirar as pezas/produtos que non se acollan ao establecido nestas bases (falta de calidade, fabricación non artesá, revenda, souvenirs ou bagatelas, ausencia de rexistro sanitario, de selos ecolóxicos e de calidade diferenciada,...) e aqueles produtos que non aparezan descritos na solicitude de participación, previo requirimento da organización.
- Deberán redecorar os stands que presenten unha montaxe deficiente, correndo os gastos ocasionados por conta do expositor, ou aqueles stands que non se adapten á proposta presentada na solicitude, previo requirimento da organización.
- Permitir que pola organización se fotografen e filmen os stands e os produtos expostos para utilizar estas imaxes en documentos internos, páxina web oficial, redes sociais da concellería, publicacións e promocións oficiais.
- Os autorizados teñen que decorar os seus espazos de acordo ca proposta presentada na solicitude.
- Os autorizados comprométese a vender exclusivamente os materiais e produtos descritos na ficha de inscrición e para os cales a organización concedeu autorización.
- Os autorizados observarán cos usuarios do servizo a oportuna afabilidade e deferencia, dentro dun trato cordial e de respecto.
- Os autorizados adecuaranse ao horario de apertura e peche do feiral.
- O autorizado cumprirá en todo momento as instrucións de orde xeral que lle sexan formuladas pola Administración.
- Os autorizados están obrigados ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.
- Os autorizados presentarán ante a Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da lingua, para o seu selado, a lista de prezos que terá vixencia durante a festa e que deberá estar exposta nun lugar visible ó longo da mesma. Así mesmo, deberán respectar a lexislación vixente sobre os dereitos do consumidor.
- Os autorizados deberán comprometerse a que, unha vez rematada a vixencia da autorización e desmontado o posto, o stand deberá estar nas mesmas condicións que ó inicio da actividade.

O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado polo adxudicatario non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

O Excmo. Concello de Lugo resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas anteriormente sinaladas, tendo ademais este o deber de facilitarlle ó Concello canta información ou documentación lle solicítase calquera dos seus departamentos.

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACION, BASES

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROHIBICIÓN

Ó montar e desmontar as instalacións e durante todo o período de vixencia da licenza queda totalmente prohibido:

- Invadir, pisar e/ou amontoar materiais nas zonas verdes, o mesmo que ancorar nelas elementos de sustentación ou de apoio das instalacións ou dos seus accesorios.
- Acumular desperdicios no exterior dos postos de venda de mercadorías e produtos.
- Cravar elementos punzantes no pavimento, así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera outro elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente.
- Todos os equipamentos de xardín (puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, bordes perimetrais etc.) manteranse perfectamente conservados.
- A utilización de elementos visibles non acordes coa temática da festa.
- Iniciar a montaxe da actividade antes do planeamento e a autorización polos técnicos municipais e a modificación do emprazamento da actividade unha vez verificado.
- O uso de megafonía.

O incumprimento dos puntos anteriores obrigará ao adxudicatario a compensar os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúe o Concello, e poderá ser penalizado coa perda de todos os dereitos de adxudicación, obrigando a levantar inmediatamente a instalación e perdendo o dereito a participar no procedemento de licitación en 4 anos posteriores.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN

Sen prexuízo da extinción da autorización polos motivos sinalados na cláusula décimo terceira, o incumprimento das obrigas sinaladas na cláusula décima ou a comisión dalgunha das prohibicións sinaladas anteriormente dará lugar á imposición de sanción consistente na perda do dereito a participar en procedementos de licitación posteriores ademais da indemnización dos danos e prexuízos causados.

DÉCIMO TERCEIRA.- EXTINCIÓN DAS LICENCIAS

A autorización poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 100 da Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas expresamente nas condicións técnicas e administrativas reguladoras do procedemento.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de

alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A extinción da autorización por causa imputable ó autorizado levará implícita a perda da garantía sen prexuízo da indemnización de danos e prexuízos que se produzan.

Declararase a extinción da adxudicación:

- De mutuo acordo co Concello, cando non se cause prexuízo ó propio Concello nin a outros adxudicatarios. Para elo, o adxudicatario deberá presentar un escrito de renuncia no Rexistro Municipal.

- Por resolución do Concello:

- Por falta de pago das taxas e o prezo fixado nos prazos establecidos
- Cando o adxudicatario non aboe os danos causados nin as sancións impostas, para os casos nos que a garantía non cubra o seu importe.
- Cando o adxudicatario se negue reiteradamente a cumprir as ordes da Administración cando comprometa a seguridade, hixiene ou sanidade dos usuarios.
- Cando exista incumprimento reiterado grave das obrigas de adxudicatario sinaladas na cláusula décima ou a comisión das prohibicións a que se refire a cláusula décimo primeira

A extinción da licenza será efectuada polo órgano competente, despois do informe da Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua, sen prexuízo do trámite de audiencia ó adxudicatario, por espazo dun día.

A extinción culpable da licenza dará lugar á inhabilitación para ser adxudicatario dun posto de venda no San Froilán durante os próximos CINCO ANOS e a orde de levantamento e desmontaxe do posto de venda de mercadorías e produtos, todo isto sen prexuízo de esixirle ó adxudicatario, ante as instancias xudiciais competentes, as responsabilidades que procedan.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE SAN FROILÁN 2016.

DATOS DO SOLICITANTE:

NOME E APELIDOS:

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACION, BASES

DNI/NIF:

DOMICILIO:

LOCALIDADE:

ACTIVIDADE:

TELÉFONO DE CONTACTO:

CORREO ELECTRÓNICO:

EXPÓN:

Que coñece as Bases para a adxudicación de postos na III Feira de Artesanía e Gastronomía e as acepta, que reúne os requisitos esixidos e está interesado nun dos postos, polo que XUNTA:

- a) Fotocopia compulsada do DNI e Escritura de constitución, no seu caso.
- b) Alta no epígrafe correspondente do IAE.
- c) Seguro de responsabilidade civil.
- d) Certificado do número de conta (para a devolución da fianza)
- e) Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- f) Anexo II.

SOLICITA:

A adxudicación dun dos postos.

Ado.:

Lugo, de de 2016.

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA

Dna./D. _____ co NIF nº _____
en calidade de _____ da
empresa _____ con enderezo social en
_____ e con CIF nº _____ **DECLARO :**

1.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, co Concello de Lugo e coa Seguridade social.

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, BASES

2.- Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe _____ e ao corrente no pagamento do ultimo recibo

3.- Comprométome a dar de alta no Imposto de Actividades Económicas nas datas da festa de San Froilán 2016.

** Os puntos 2 e 3 son alternativos. So deberá transcribir o que corresponda.*

4.- Cumprir coas disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo.

5.-Autorizo ao Concello de Lugo a acceder ós meus datos de carácter persoal relativos ao cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, do Concello de Lugo e coa Seguridade Social.

En _____, a ___ de _____ de 2016

Asdo.: _____
(Nome e apelidos)

ANEXO III

MODALIDADE ARTESANÍA

DATOS DO ARTESÁ OU ARTESÁN SOLICITANTE

Nome e apelidos	
NIF	
Enderezo	
CP	
Poboación	
Provincia	
Teléfono fixo	
Teléfono móbil	
Enderezo electrónico	
Páxina web	

DATOS DO OBRADOIRO

Razón social	
CIF	
Enderezo	
CP	

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACION, BASES

Poboación	
Provincia	
Teléfono fixo	
Teléfono móbil	
Enderezo electrónico	
Páxina web	

INFORMACIÓN PROFESIONAL

Oficio ou disciplina			
Produtos elaborados			
Materiais empregados			
Nº Carta de Artesán	Administración que emite	que	o Data de caducidade
Selo de Calidade	Administración que emite	que	o Data de caducidade
Premios en certames ou concursos de artesanía			
Recuperación de oficio tradicional			

Engadir en documento anexo a seguinte documentación:

- currículum do artesá/artesán ou obradoiro
- memoria do traballo que realiza que inclúa descrición dos artigos elaborados, materiais e técnicas empregadas e fotos
- listaxe de feiras e certames nos que participou
- no caso de investigacións e recuperación de técnicas de oficios tradicionais, incluír na memoria unha descrición
- fotocopia do carné de manipulador de alimentos (deberá mostrarse o orixinal o día da montaxe) da persoa que atenderá o posto

INFORMACIÓN DO STAND

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, BASES

Nome do stand para cartelería		
Datos da persoa/s que atenderá o stand		
Teléfono de contacto no stand		
Prezo do produto máis barato		Prezo do produto máis caro

Engadir en documento anexo a seguinte documentación:

- listaxe de produtos que se van vender durante a feira. Poderase requirir a retirada de todo artigo non incluído nesa listaxe
- fotos de artigos que se van vender na feira
- fotos de stands montados en feiras
- descrición da proposta de decoración do stand
- proposta de actividades de dinamización do stand (traballo en vivo, etc.)
- no caso de que a persoa que atenda o posto non sexa o adxudicatario debe presentar unha fotocopia do seu DNI e unha autorización asinada polo titular do posto

Deberán engadirse calquera outra documentación relativa aos criterios de adxudicación.

IMPORTANTE:

No caso de vender artigos elaborados por outro artesán hai que remitirle á organización unha solicitude anexa na que se recollan os datos do artesán, a descrición e listaxe dos produtos que se van vender, materiais empregados, técnicas usadas na súa elaboración e fotos.

A organización valorará esta solicitude e comunicará a correspondente resolución ao interesado a través do correo electrónico de contacto.

Toda solicitude que non incorpore a documentación e os datos requiridos será rexeitada.

O SOLICITANTE declara baixo a súa responsabilidade que os datos recollidos nesta solicitude e na documentación presentada son certos e que acepta as bases establecidas,

Lugo, de de 2016

Asinado por (nome e apelidos):

Sinatura

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, BASES

MODALIDADE GASTRONOMÍA**DATOS DO PRODUTOR OU ESTABLECEMENTO SOLICITANTE**

Nome e apelidos	
NIF	
Razón social	
CIF	
Enderezo	
CP	
Poboación	
Provincia	
Teléfono fixo	
Teléfono móbil	
Enderezo electrónico	
Páxina web	

INFORMACIÓN PROFESIONAL

Sector			
Produtos elaborados			
Nº Rexistro Sanitario	Administración que emite	que o emite	Data de caducidade
Certificación de Calidade Diferenciada (DOP, IXP)	Entidade que o emite		Data de emisión
Certificación de Agricultura ou produción ecolóxica	Entidade que o emite		Data de emisión e caducidade
Premios, distincións, etc.			
Datos Consello Regulador			
Datos do órgano certificador de agricultura ou produción ecolóxica			

CONTRATACION

XMCR/rdi

Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, BASES

Engadir en documento anexo a seguinte documentación:

- unha presentación do produtor ou do establecemento
- listaxe de feiras e certames nos que participou
- fotocopia do carné de manipulador de alimentos

INFORMACIÓN DO STAND	
Nome do stand para cartelería	
Nome e apelidos da/s persoa/s que atenderán o stand	
Teléfono de contacto no stand	
Prezo do produto máis barato	Prezo do produto máis caro

Engadir en documento anexo a seguinte documentación:

- listaxe de produtos que se van vender na feira. Poderase requirir a retirada de todo artigo non incluído nesa listaxe
 - fotos de artigos que se van vender na feira
 - fotos de stands montados en feiras
 - descrición da proposta de decoración do stand
 - proposta de actividades de dinamización do stand (degustacións, etc.)
 - no caso de que a persoa que atenda o posto non sexa o adxudicatario hai que presentar unha fotocopia do seu DNI e unha autorización asinada polo titular do posto
 - fotocopia do carnet de manipulador de alimentos
- Deberán engadirse calquera outra documentación relativa aos criterios de adxudicación.

O SOLICITANTE declara baixo a súa responsabilidade que os datos recollidos nesta solicitude e na documentación presentada son certos e que acepta as bases establecidas.

Lugo, de de 2016
Asinado por (nome e apelidos):

Sinatura



ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"

DATOS DA PERSOA INTERESADA:

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
ENDEREZO:		
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE: <input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> TARXETA <input type="checkbox"/> PASAPORTE <input type="checkbox"/> NIE
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo a efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.		NÚMERO
		LETRA

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPTE.REF.: 28-2016

DENOMINACIÓN: PROCEDUREMTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA "III FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DO SAN FROILÁN PARA OS ANOS 2016, 2017, 2018, 2019.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE A: Documentación administrativa
SOBRE B: Oferta técnica

Lugo, _____ de _____ de _____
A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

CONTRATACION

XMCR/rdi


Ref: BASES GASTROARTE 2016_2019

Asunto: DECRETO APROBACION CONTRATACIÓN, BASES

deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollos a este Concello.

SEGUNDO.- Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo e continuar a tramitación do expediente.

ANEXO IV



Cúmprase